



No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do día *CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE*, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os sres. Concelleiros Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López, Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez, D. Manuel López Armesto e D. José Antonio Real Vázquez (ausentes os sres. concelleiros D. José Antonio García Jurjo -previa excusa- e D. José Aurelio López López -sen excusa previa-), asistidos pola secretaria municipal D<sup>a</sup>. Ana Isabel Candame Areosa, que da fé do acto, co obxecto de celebrar sesión “ordinaria” do PLENO deste Concello en primeira convocatoria previa á mesma.

Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓN ANTERIORES LEVADAS A CABO EN DATAS 01/02/2019 E 01/04/2019.**

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde se pregunta aos sres. concelleiros se teñen que facer algunha observación aos borradores das actas das sesións anteriores de datas 01/02/2019 e 01/04/2019, que lles foron entregados xunto coa orde do día.

*En relación co borrador da acta da sesión de data 01/02/2019:*

O sr. alcalde manifesta que quere corrixir o que figura na súa resposta á 1ª pregunta plantexada polo voceiro do Grupo mixto relativa ás obras da Praza do Colledoiro, xa que dixo que se pedira autorización cando ésta non facía falta, como así consta no informe técnico.

O sr. Real Vázquez toma a palabra para dicirlle ao sr. alcalde que éso o sabe agora, pero non daquela.

O sr. alcalde lle indica que non tén a palabra, que conste en acta que está a falar sen ter a palabra...ao que o sr. Real Vázquez contesta que aquí vense a falar ¿non?; o sr. alcalde lle concede entón a palabra.

O sr. Real Vázquez manifesta que non hai nada que corrixir no borrador, está ben redatado, vostede dixo o que dixo, nese momento dixo unha cousa e agora quere corrixilo. O borrador foi feito así e non debe corrixirse. Eu despois xa vín que non facía falta a autorización porque consultei o expediente.

A secretaria municipal solicita a palabra, e diríxese ao sr. alcalde para preguntarlle se o fai únicamente a modo de observación para que conste neste acta, ao que dí que sí.



*En relación co borrador da acta da sesión de data 01/04/2019, non se efectúan observacións.*

Non habendo máis observacións, por seis votos a favor (5 do Grupo municipal socialista e 1 do Grupo municipal do Partido Popular), un voto en contra do Grupo mixto (CxG-CCTT), e ningunha abstención, sendo nove o número legal de membros, **quedan aprobados os borradores anteditos nos termos nos que están redatados.**

## **2º.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.**

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deuse conta dos Decretos de Alcaldía ditados dende o derradeiro Pleno coa súa posta a disposición aos sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario (dende o nº 2019-0008 ata o nº 2019-0042).

O Pleno dáse por enterado.

## **3º.- DAR CONTA DA ACTUALIZACIÓN E DATOS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E/OU ESTADOS FINANCEIROS INICIAIS DAS ENTIDADES QUE FORMAN PARTE DO SECTOR DAS AAPP DA CORPORACIÓN, CON MOTIVO DA RENDICIÓN DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2018.**

Dáse conta ao Pleno Corporativo da actualización e datos de execución do presuposto e/ou estados financeiros iniciais das entidades que forman parte do sector das administracións públicas da corporación con motivo da rendición das obrigas trimestrais de subministro de información correspondente ao *4º trimestre do exercicio de 2018*, e rendido pola Secretaría-Intervención en data 30/01/2019 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais en cumprimento do art. 16 da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, na redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.

O resgardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

Os Sres. concelleiros dánse por enterados.

## **4º.- DAR CONTA DO PMP CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2018.**

Dáse conta ao Pleno Corporativo do periodo medio de pago correspondente ao 4º trimestre de 2018 e rendido pola Secretaría-Intervención en data 28/01/2019 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais. A comunicación dos citados datos efectuouse en cumprimento do art. 4.1.b) da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, e de conformidade co establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o



procedemento de rendición de recursos dos réximes de financiación previstos na citada Lei Orgánica 2/2012.

A Secretaria-Interventora municipal da lectura ao Pleno do detalle do informe, que é:

Ratio operacións pagadas: 8,39  
Importe pagos realizados: 247.640,19 €  
Ratio operacións pendentes: 0,00  
Importe pagos pendentes: 0,00 €  
PMP: 8,39

PMP Global:  
Importe pagos realizados: 247.640,19 €  
Importe pagos pendentes: 0,00 €  
PMP: 8,39

O resgardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

Os Señores concelleiros dánse por enterados.

#### **5º.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE PERÍODO ANUAL 2018.**

Dáse conta ao Pleno Corporativo do Informe de morosidade anual (4º trimestre do exercicio 2018) rendido pola Secretaría-Intervención en data 28/01/2019 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais. A comunicación dos citados datos efectuouse en cumprimento do art. 4.1.b) da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, e de conformidade co establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de rendición de recursos dos réximes de financiación previstos na citada Lei Orgánica 2/2012.

O resgardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

O Pleno Corporativo dáse por enterado sen que se promova debate.

#### **6º.- DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE APROBAN OS PLANS ORZAMENTARIOS A MEDIO PRAZO 2020-2022.**

Dáse conta do Decreto de Alcaldía nº 2019-0032 ditado en data 15 de marzo para a aprobación dos Plans Orzamentarios a medio prazo 2020-2022, os cales foron rendidos pola Secretaría-Intervención en data 15/03/2019, e cuxo texto íntegro a continuación se transcribe:



“

**Decreto de alcaldía**

**Expediente nº: 101/2019**

**Procedemento:** Aprobación do Plan Orzamentario a Medio Plazo 2020-2022. Modelo Simplificado (menos de 5.000 habitantes)

**DECRETO DE ALCALDÍA**

Visto o artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, no marco da instrumentación do principio de transparencia, que literalmente sinala:

*“Artículo 29 Plan presupuestario a medio plazo*

*1. Se elaborará un plan presupuestario a medio plazo que se incluirá en el Programa de Estabilidad, en el que se enmarcará la elaboración de los presupuestos anuales y a través del cual se garantizará una programación presupuestaria coherente con los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública y de conformidad con la regla de gasto.*

*2. El plan presupuestario a medio plazo abarcará un periodo mínimo de tres años y contendrá, entre otros parámetros:*

*a) Los objetivos de estabilidad presupuestaria, de deuda pública y regla de gasto de las respectivas Administraciones Públicas.*

*b) Las proyecciones de las principales partidas de ingresos y gastos teniendo en cuenta tanto su evolución tendencial, es decir, basada en políticas no sujetas a modificaciones, como el impacto de las medidas previstas para el periodo considerado.*

*c) Los principales supuestos en los que se basan dichas proyecciones de ingresos y gastos.*

*d) Una evaluación de cómo las medidas previstas pueden afectar a la sostenibilidad a largo plazo de las finanzas públicas.*

*3. Las proyecciones adoptadas en el plan presupuestario a medio plazo se basarán en previsiones macroeconómicas y presupuestarias elaboradas conforme a las metodologías y procedimientos establecidos en el proceso presupuestario anual.*

*4. Toda modificación del plan presupuestario a medio plazo o desviación respecto al mismo deberá ser explicada.”*

Visto o artigo 6 da Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira:

*“Artículo 6 Información sobre los planes presupuestarios a medio plazo*

*Antes del quince de marzo de cada año, de acuerdo con la información disponible sobre el objetivo de estabilidad presupuestaria y de deuda pública, se remitirán los planes presupuestarios a medio plazo en los que se enmarcará la elaboración de sus Presupuestos anuales. Dichos planes presupuestarios a medio plazo deben incluir información sobre los pasivos contingentes, como son las garantías públicas y préstamos morosos, que puedan incidir de manera significativa en los presupuestos públicos, así como la información necesaria para la elaboración del programa de estabilidad y la relativa a las políticas y medidas previstas para el periodo considerado que, a partir de la evolución tendencial, permitan la consecución de los objetivos presupuestarios.”*

Visto que a remisión, consonte ao artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, debe efectuarse por medios Electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MINHAP) habilite ao efecto. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas desenvolveu os formularios base para o cumprimento da citada obriga con referencia ao período



2019-2021 e habilitou a plataforma para a súa remisión electrónica na Oficina Virtual das Entidades Locais da páxina web do propio Ministerio, que se pechará o 18/03/2019 ás 24:00 horas.

Visto que a remisión se pode efectuar a través do modelo simplificado, por ser ésta unha entidade local con poboación inferior a 5.000 habitantes.

Visto o documento "*Plan Orzamentario a medio prazo 2020-2022 (Modelo simplificado)*" elaborado consonte aos formularios base facilitados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, esta alcaldía, en virtude das atribucións conferidas no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aprobar, consonte ao establecido no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, o documento "*Plan Orzamentario a medio prazo 2020-2022*" , que figura como Anexo a esta Resolución, elaborado consonte aos formularios base facilitados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

**Segundo.-** De conformidade co regulado na Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, que por parte da Secretaría-Intervención se remita ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información relativa ao plan orzamentario a medio prazo 2020-2022 así aprobado a través da plataforma electrónica habilitada al efecto.

**Terceiro.-** Dar conta ao Pleno da Corporación de conformidade co establecido no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

O manda e asina o Sr. alcalde, ante mín a secretaria-interventora, en Samos, na data que figura na sinatura dixital da marxe."

O Pleno dáse por enterado.

### **7º.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2018.**

Dáse conta do Decreto de Alcaldía nº 2019-0031 ditado en data 15 de marzo, polo que se aproba a liquidación do Orzamento do exercicio 2018, o cal se transcribe íntegramente a continuación:

"

**Decreto de alcaldía**

**Expediente nº: 82/2019**

**Procedemento:** Peche e liquidación do Orzamento do exercicio 2018

### **DECRETO DE ALCALDÍA**

Vista a documentación obrante no expediente, o Informe de Intervención sobre avaliación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de débeda e o Informe de Intervención emitido de conformidade co art. 191.3 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).



Visto o art. 193.bis do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), introducido polo número 1 do artigo 2º da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (B.O.E. de 30 de decembro), e en vigor dende o 31/12/2013, do seguinte teor literal:

*“Artículo 193 bis Derechos de difícil o imposible recaudación*

*Las Entidades Locales deberán informar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y a su Pleno, u órgano equivalente, del resultado de la aplicación de los criterios determinantes de los derechos de difícil o imposible recaudación con los siguientes límites mínimos:*

- a) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los dos ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25 por ciento.*
- b) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del ejercicio tercero anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50 por ciento.*
- c) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los ejercicios cuarto a quinto anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 75 por ciento.*
- d) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100 por ciento. “*

Visto o art. 103 do R.D. 500/1990, sobre materia orzamentaria, e de conformidade cos arts. 191.3 do TRLRFL e 90.1 do R.D. 500/1990,

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aos efectos do cálculo do Remanente de Tesourería, recoñecer con efectos 31/12/2018 como saldos de dubidoso cobramento de exercicios pechados o importe de 110.670,93€ consonte ao sinalado no Informe de Intervención e resultantes da aplicación dos criterios sinalados no art. 193.bis do TRLRFL citado.

**SEGUNDO:** Aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2018 nos termos que figuran no expediente, e en concreto:

#### **LIQUIDACIÓN DEL PRESUPUESTO DE GASTOS:**

- Créditos iniciais: 1.174.337,55 euros.
- Modificaciónes de créditos: 623.527,49 euros.
- Créditos definitivos: 1.797.865,04 euros.
- Obligaciónes reconocidas netas: 1.436.563,35 euros.
- Pagos realizados: 1.436.563,35 euros.
- Obligaciónes pendientes de pago a 31 de diciembre (operaciónes presupuestarias): 0,00 euros (de Presupuesto corriente y de cerrados).
- Obligaciónes pendientes de pago a 31 de diciembre (operaciónes no presupuestarias): 154.487,11 euros.
- Remanentes de crédito comprometidos: 58.956,49 euros (todos incorporables).
- Remanentes de crédito no comprometidos: 302.345,20 euros (177.857,26 euros incorporables y 124.487,94 euros no incorporables).
- Remanentes de crédito totales: 361.301,69 euros.



### LIQUIDACIÓN DEL PRESUPUESTO DE INGRESOS:

- Previsiones iniciales: 1.174.337,55 euros.
- Modificación de las previsiones: 623.527,49 euros.
- Previsiones definitivas: 1.797.865,04 euros.
- Derechos reconocidos netos: 1.370.841,48 euros.
- Recaudación neta: 1.293.815,29 euros.
- Derechos pendientes de cobro a 31 de diciembre (operaciones presupuestarias): 238.981,67 euros (77.026,19 euros de Presupuesto corriente e 161.955,48 euros de Presupuesto cerrados).
- Derechos pendientes de cobro a 31 de diciembre (operaciones no presupuestarias): 6.868,78 euros.

### RESULTADO ORZAMENTARIO

| CONCEPTOS   | DEREITOS RECONOCIDOS NETOS | OBRIGAS RECONOCIDAS NETAS | AXUSTES           | RESULTADO ORZAMENTARIO |
|---|----------------------------|---------------------------|-------------------|------------------------|
| a. Operacións correntes   | 1.258.786,34               | 1.101.477,33              |                   |                        |
| b. Outras operación non financeiras   | 112.055,14                 | 335.086,02                |                   |                        |
| <b>1.- Total operacións non financeiras (a + b)</b>                                     | <b>1.370.841,48</b>        | <b>1.436.563,35</b>       |                   |                        |
| <b>2.- Activos financeiros</b>  | <b>0,00</b>                | <b>0,00</b>               |                   |                        |
| <b>3.- Pasivos financeiros</b>  | <b>0,00</b>                | <b>0,00</b>               |                   |                        |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCIZO</b>   | <b>1.370.841,48</b>        | <b>1.436.563,35</b>       |                   | <b>-65.721,87</b>      |
| <b>AXUSTES</b>  |                            |                           |                   |                        |
| <b>4.- Créditos gastados financiados con remanente de tesouraría para gastos xerais</b> |                            |                           | <b>16.586,45</b>  |                        |
| <b>5.- Desviacións de financiación negativas do exercizo</b>                            |                            |                           | <b>314.967,83</b> |                        |
| <b>6.- Desviacións de financiación positivas do exercizo</b>                            |                            |                           | <b>119.605,41</b> |                        |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>  |                            |                           |                   | <b>146.227,00</b>      |



### ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA

| COMPONENTES  | IMPORTES ANO   | IMPORTES ANO ANTERIOR |
|--|----------------|-----------------------|
| 1. (+) FONDOS LÍQUIDOS                                     | 605.585,3<br>2 | 606.849,73            |
| 2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO                         | 245.850,4<br>5 | 428.066,97            |
| - (+) do Orzamento corrente                                | 77.026,19      | 257.648,42            |
| - (+) de Orzamentos pechados                               | 161.955,48     | 157.991,64            |
| - (+) de operacións non orzamentarias                      | 6.868,78       | 12.426,91             |
| 3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO                           | 154.784,1<br>1 | 139.871,94            |
| - (+) do Orzamento corrente                                | 0,00           | 0,00                  |
| - (+) de Orzamentos pechados                               | 0,00           | 0,00                  |
| - (+) de operacións non orzamentarias                      | 154.487,11     | 139.871,94            |
| 4. (+) PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN                    | -77.151,30     | -238.689,84           |
| - (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva | 77.151,30      | 238.689,84            |
| - (+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva  | 0,00           | 0,00                  |
| I. Remanente de tesorería total (1+2-3+4)                  | 619.797,3<br>6 | 656.354,92            |
| II. Saldos de dudoso cobro                                 | 110.670,9<br>3 | 162.730,52            |
| III. Exceso de financiación afectada                       | 8.130,99       | 142.060,09            |
| IV. Reman. De tesorería para gastos xerais (I-II-III)      | 500.995,4<br>4 | 351.564,31            |

**TERCEIRO:** Declarar como créditos de incorporación obrigada os seguintes:

- Aplicacións orzamentarias 241.131 por importe de 4.595,01€ e 241.16000 por importe de 2.893,33€, para o Proxecto de gasto con financiación afectada con código 201810 *para a contratación laboral temporal de traballadores desempregados para a realización da obra ou servizo denominado/a "LIMPEZA DE ACCESOS EN ZONAS FORESTAIS" ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018 (D.O.G. nº 26 en data 06/02/2018).*
- Aplicacións orzamentarias 1532.619 por importe de 89.907,61€, 231.13000 por importe de 2.118,72€, 231.16000 por importe de 774,80€, 241.131 por importe de 53.801,12€, , 241.16000 por importe de 19.680,80€, 342.619 por importe de 24.939,72€, 459.609 por importe de 21.072,82€ e 459.619 por importe de 17.029,82€, para o Proxecto de gasto con financiación afectada con código 201814 *Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018.*

**CUARTO:** Remitir copia da liquidación así aprobada á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

**QUINTO:** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre consonte ao establecido nos arts. 193.4 do TRLRFL e 90.2 do R.D. 500/1990.





O manda e asina o Sr. alcalde, ante mín, a secretaria, na data que figura na sinatura dixital da marxe.

O alcalde, Asdo.- Julio Gallego Moure.  
Areosa. "

A secretaria, Asdo.- Ana I. Candame

O expediente nº 82/2019 de peche e liquidación do Orzamento do exercicio 2018 púxose a disposición dos Sres. concelleiros como asunto integrante da orde do día.

O Pleno dáse por enterado.

**8º.- DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO  
OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E DO  
LÍMITE DE DÉBEDA CON MOTIVO DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO  
ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2018.**

O citado informe preceptivo de Intervención asinado en data 15/03/2019 consta no expediente nº 82/2019 de peche e liquidación do Orzamento do exercicio 2018, o cal foi posto a disposición do Pleno como asunto integrante da orde do día. A continuación se transcribe literalmente:

"

**Informe de Intervención de avaliación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade  
orzamentaria, da regra de gasto e límite de débeda**

**Expediente nº: 82/2019**

**Procedemento: Peche e liquidación do Orzamento do exercicio 2018**

**INFORME DE INTERVENCIÓN**

Dacordo co ordeado pola alcaldía segundo Providencia e en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a funcionaria que subscribe informa o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria Regra de Gasto e do límite de débeda con motivo da aprobación da liquidación do Orzamento Xeral do exercizo 2018:

**INFORME**

**1. NORMATIVA:**

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (Regulamento).

Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF (OM)

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao principio de Estabilidade Orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).



Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.

Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.

Regulamento 2516/2000, do Consello da Unión Europea.

Regulamento 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio (DOCE 26/06/2013), que aproba o SEC 2010.

## 2. OBXECTIVO DE ESTABILIDADE:

A Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira establece no seu artigo 1 o seguinte: *Constituye el objeto de la presente Ley el establecimiento de los principios rectores, que vinculan a todos los poderes públicos, a los que deberá adecuarse la política presupuestaria del sector público orientada a la estabilidad presupuestaria y la sostenibilidad financiera, como garantía del crecimiento económico sostenido y la creación de empleo, en desarrollo del artículo 135 de la Constitución Española. Asimismo, se establecen los procedimientos necesarios para la aplicación efectiva de los principios de estabilidad presupuestaria y de sostenibilidad financiera, en los que se garantiza la participación de los órganos de coordinación institucional entre las Administraciones Públicas en materia de política fiscal y financiera; el establecimiento de los límites de déficit y deuda, los supuestos excepcionales en que pueden superarse y los mecanismos de corrección de las desviaciones; y los instrumentos para hacer efectiva la responsabilidad de cada Administración Pública en caso de incumplimiento, en desarrollo del artículo 135 de la Constitución Española y en el marco de la normativa europea.*

O seu art. 3 sinala que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei (entre os que se atopan as Corporacións Locais) realizárase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, entendéndose por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

A estabilidade orzamentaria implica que de maneira constante, ou ao longo do ciclo, os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade inversora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

Simplificando, o volume de débeda non pode aumentar, coma máximo debe permanecer constante. É dicir, que nos orzamentos municipais o endebedamento anual neto (endebedamento–amortizacións) debe ser cero. De xeito máis rigoroso, que as variacións de pasivos e activos financeiros debe estar equilibrada.

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a Orzamento obtense de dúas formas: saldo orzamentario financeiro pola diferenza da adquisición neta de activos e pasivos financeiros debidamente axustados aos criterios do SEC 95 e o saldo non financeiro pola diferenza entre os importes presupostados nos Capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os Capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Para os entes non sometidos a réxime orzamentario considérase desequilibrio cando, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte aplicable, dos seus estados provisionais se deduza que incorren en perdas cuxo saneamento requira a dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade das do apartado anterior á que lle toque aportalos, e deberán ser obxecto dun informe individualizado.



## 2.1.- ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.

A. Axentes que constitúen a Administración Local:

- ☛ Entidade Local: CONCELLO DE SAMOS
- ☛ Organismos Autónomos: Non existen
- ☛ Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: Non existen

B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades Locais, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 2010).

- ☛ Sociedade Mercantil: Non existen.

## 2.2.- ELECCIÓN DO MÉTODO A EMPREGAR PARA O CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO. DESCRIPCIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, A SÚA EQUIVALENCIA EN TÉRMO DE ORZAMENTOS, E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas de contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento del subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferencias veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes de este informe.

Polo tanto, a estabilidade orzamentaria pasará por calcular:

### **SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO =**

A).- (Cap. 1 a 7 de ingresos)- (Cap. 1 a 7 de gastos) = + (capacidade de financiamento) / - necesidade de financiamento.

B).- Saldo orzamentario non financeiro +/-axustes SEC 2010 = + (capacidade de financiamento) / - necesidade de financiamento.

### **AXUSTES:**

Os mesmos se calcularon seguindo o *Manual de cálculo del Déficit en Contabilidad Nacional adaptado a las Corporaciones Locales*, publicado pola IGAE.

### **A) INGRESOS:**

Axustes a realizar :

#### **A.1).- Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.**

Aplicarase o criterio de caixa, axustando os DRN de ditos capítulos na liquidación Orzamento do exercicio 2018 en función da porcentaxe de recadación (ingresos recadados durante o exercicio 2018, de



exercicios corrente e pechados de cada capítulo, resultantes da liquidación do exercicio 2018).

Cálculo das porcentaxes de recadación nos distintos capítulos no exercicio 2018:

| Capítulos | a) DRN 2018 | Recadación 2018       |                        | d) Total recadación |
|-----------|-------------|-----------------------|------------------------|---------------------|
|           |             | b) Exercicio corrente | c) Exercicios cerrados |                     |
| 1         | 219.254,77  | 170.845,39            | 208.205,95             | 379.051,34          |
| 2         | 7.457,25    | 7.375,88              | 0,00                   | 7.375,88            |
| 3         | 258.343,72  | 229.808,28            | 77.656,69              | 307.464,97          |

Que aplicado aos DRN dos capítulos 1 a 3 de ingresos na liquidación do Orzamento 2018, arroxa os seguintes importes de axuste que reducen (signo negativo)/aumentan (signo positivo) as previsións de ditos capítulos:

| Capítulos | a) DRN 2018 | % Axuste | Importe axuste |
|-----------|-------------|----------|----------------|
| 1         | 219.254,77  | 72,88%   | 159.796,57     |
| 2         | 7.457,25    | -1,09%   | -81,37         |
| 3         | 258.343,72  | 19,01%   | 49.121,25      |

#### A.2).- Capítulo 4: Ingresos por participación en ingresos do Estado ou tributos cedidos, segundo o réxime da Entidade.

Segundo o formulario que aparece na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, polo que se materializan as obrigacións de subministración de información, constitúeo o importe que reintegrado durante 2018 ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondentes aos exercicios anteriores polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo aos DRN por este concepto en 2018. Axuste que deberá realizarse no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, considerando que o Estado realiza un axuste negativo. Concretamente:

|   |               |
|---|---------------|
| Devolución liquidación PIE 2013 en 2018 | (+) 11.984,43 |
| Devolución liquidación PIE 2014 en 2018 | (+) 4.182,31  |

#### B) GASTOS:

**B.1).- Capítulo 3.-** Na contabilidade orzamentaria os intereses, así como calquera outro rendimento derivado do endebedamento, se aplican ao Orzamento no momento do vencemento, mentres que na contabilidade nacional se rexistran as cantidades devengadas durante o exercicio, con independencia de cando se produza o pago. A diferenza que surxe ao aplicar o criterio de caixa e o de devengo na liquidación orzamentaria e na contabilidade nacional, respectivamente, da lugar á realización do correspondente axuste por intereses. Polo tanto, deberíamos quitar a parte de intereses que pagándose no ano n se devengan no n-1, e deberíamos engadir os intereses que se pagarán no ano n+1, pero que se devengaron no ano n.



En aplicación do principio de importancia relativa non se considera necesario realizar este axuste dado que se poden chegar a compensar os intereses que se minorasen por vencementos do exercicio n correspondentes a períodos parciais do n-1, cos aumentos polos devengados parcialmente no ano n, pero que se paguen en n+1. Todo elo aumentado polo feito de que a Entidade non se vai a endebedar neste exercicio, e de que ascenden a un pequeno importe.

### **C) OUTROS AXUSTES:**

**C.1).- Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.** Estes son os gastos recollidos na conta 413, no seu haber polo importe dos pendentes de aplicar a 31 de decembro e, no seu debe, polos aplicados ao longo do exercicio, procedentes do exercicio anterior. Os primeiros aumentan o déficit en termos de contabilidade nacional, os segundos o minoran, pois xa o incrementaron o ano anterior e neste volven incrementalo mediante a súa aplicación a orzamento, polo que debe compensarse esta dobre imputación aumentando o superávit. O seu importe é cero.

### **C.2).- Por inexecución de gastos:**

Este axuste reducirá os empregos non financeiros en aqueles gastos que polas súas características ou pola súa natureza se consideren de imposible execución no exercicio orzamentario. E os aumentará naqueles gastos cuia execución vaia a superar o importe dos créditos iniciais.

**TERCEIRO:** No caso de presentarse alegacións, resolveranse polo Concello en Pleno. En caso contrario o Acordo provisional entenderase definitivo sen necesidade de novo acordo plenario ao abeiro do art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**CUARTO:** Publicar o Acordo definitivo, ou o provisorio elevado automaticamente a tal categoría no Boletín Oficial da Provincia.

**QUINTO:** De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as modificacións introducidas no Regulamento entrarán en vigor unha vez efectuada a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorridos 15 días hábiles.

O alcalde,  
Asdo.: Julio Gallego Moure

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE”

Sen que se produzan intervencións, o **Pleno Corporativo** en votación ordinaria e por unanimidade dos sres. Concelleiros asistentes (sete votos a favor), sendo nove o número legal de membros, **aproba a proposta de alcaldía anteriormente transcrita.**

**12º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) EN RELACIÓN Á INSTALACIÓN DE CONTEDORES PARA A RECOLLIDA DE ACEITE DOMÉSTICO E CAMPAÑA INFORMATIVA.**

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2019-E-RC-445 en data 1 de abril para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:



“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como sabemos todos, o aceite usado segue a ser un dos residuos máis contaminantes que xeramos nas vivendas e un dos que presenta máis dificultades á hora de tratar polas depuradoras de augas residuais.

Na maioría dos Concellos preocupados polo medio ambiente e o benestar dos seus veciños levan instalados xa fai tempo contedores de aceite donde se poden depositar os aceites usados que logo se encarga de recoller una empresa adicada a eses temas.

E como xa presentáramos una moción o 4 de agosto de 2017, pedindo a instalación de eses contedores , a cal foi rexeitada , e vendo que xa pasou un tempo prudencial no que igual se recapacitéu sobre o asunto volvemos a insistir, proponendo a Pleno o seguinte:

### ACORDO

1º.-Que se instalen contedores para a recollida de aceite doméstico no noso Concello, realizándose ademáis unha campaña informativa e de concenciación sobre os prexuízos do seu verquido polos desaugues das nosas casas así como sobre os beneficios da súa reciclaxe.“

Rematada a lectura da moción ábrese a quenda das intervencións, producíndose as seguintes:

- SR. ALCALDE.- Xa leva pedido contedores, papeleiras. ..., por outra máis que pide... imos a votar a favor.
- SR. REAL VÁZQUEZ, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Pero quede ben, non é apoiar a moción e non facela.

Rematadas as intervencións procédese coa votación ordinaria, e por unanimidade dos sres. concelleiros asistentes (sete votos a favor) sendo nove o número legal de membros, **o Pleno Corporativo aproba a moción transcrita anteriormente.**



### **13º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) EN RELACIÓN Á INSTALACIÓN DE DESFIBRILADORES NO CONCELLO.**

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2019-E-RC-446 en data 1 de abril para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No Pleno do 3 de febreiro de 2017, este portavoz do Grupo Mixto, solicitaba , mediante moción a instalación en diferentes puntos do noso Concello de desfibriladores fixos e mesmo de un portátil como xa hai na maioría dos Concellos que se preocupan pola saúde dos seus veciños , como a resposta dada polo Sr. Alcalde naquela data foi a de que a Deputación xa tiña concedido un para o Concello e que no centro médico xa o había e como a piscina, colexo e o devandito centro de saúde tiñan botiquín, xa se arranxaba todo , mesmo apuntou que o existente no centro sanitario se podía trasladar a donde fixera falta , demostrando con esto unos coñecementos no campo da medicina ambulante nunca vistos.

Por todo isto propoño a Pleno os seguintes:

#### **ACORDOS**

- 1.- Considerar a instalación de desfibriladores no pavillón municipal, no centro de maiores, na Casa do Concello e na piscina municipal (portátil).
- 2.- Dispoñer dun desfibrilador portátil en actividades realizadas ao aire libre dentro deste termo Municipal onde non se conte con servizos de emerxencia.
- 3.- Instar á Consellería de Educación a que dote ao colexo dun desfibrilador.“

Rematada a lectura da moción ábrese a quenda das intervencións, producíndose as seguintes:

- SR. ALCALDE.- Sabe vostede que o desfibrilador están localizado nun punto, e se fai falta se vai a por él. Non se poden ter moitos que son caros. Actualmente hai o do Centro Médico.

- SR. REAL VÁZQUEZ, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Un desfibrilador normal vale sobre novecentos ou mil euros. Se están a facer unha actividade deportiva no Pabellón e levan un pequeno golpe no corazón, non se vai ir ao Centro Médico a por él...Poderíase ter un no Centro



de Maiores, un no Pabellón e un no Colexio, supoñendo uns tres mil euros. Tamén se podería ter un portátil na piscina.

- SR. ALCALDE.- Non se pode deixar no Pabellón porque o pode levar calquera.

- SR. LÓPEZ ARMESTO (GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR).- Todo o que sexa a favor da saúde, dacordo.

Rematadas as intervencións procédese coa votación ordinaria, e por unanimidade dos sres. concelleiros asistentes (sete votos a favor) sendo nove o número legal de membros, **o Pleno Corporativo aproba a moción transcrita anteriormente.**

#### **14º.- ASUNTOS URXENTES.**

Neste punto o sr. alcalde propón a inclusión na orde do día da convocatoria como asuntos urxentes, da adopción dos acordos que procedan en relación cos seguintes:

14.1º.- Modificación de crédito nº 2/2019 de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto.

14.2º.- Modificación de créditos nº 3/2019: concesión de créditos extraordinarios financiados con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais para investimentos financeiramente sustentables.

**A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes (sete votos a favor) sendo nove o número legal de membros, o que dacordo co artigo 83 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais supón a maioría absoluta so seu número legal de membros, acorda incluír na orde do día os citados asuntos como urxentes.**

#### **14º.1.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 2/2019 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE DISTINTA ÁREA DE GASTO. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Vista a proposta de alcaldía de data 05/04/2019 que a continuación se transcribe literalmente:

“

**Proposta de Alcaldía ao Pleno Corporativo**

**Expediente nº: 115/2019**

**Procedemento:** Modificación de crédito nº 2/2019. Transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto.

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto que no Orzamento Xeral para o exercicio 2019 publicado definitivamente no BOP de Lugo nº 61 de data 14 de marzo de 2019, nos créditos iniciais dos capítulos 1, 2 e 6 consignáronse os importes estimados a executar no exercicio corrente para os gastos afectados ao *Convenio de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os Concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de mellora e*



*mantemento, de atención e información ao peregrino, e de promoción do Camiño Francés subscrito o 17/04/2017 con vixencia de tres anos, e polo que se subvencionan as seguintes liñas de actuación e polos seguintes importes máximos:*

**Liña 1.** – Mellora das infraestruturas e bens do Camiño Francés no seu paso polos citados concellos para prestar unha boa acollida aos/ás peregrinos/as (obras de conservación e reposición por razóns de urxencia; obras de mellora no Camiño e a súa contorna, como establecemento e dotación de áreas de descanso..)

- Axuda da Axencia de Turismo de Galicia en aqueles gastos nos que incorran os concellos do Camiño Francés para atención aos/ás peregrinos/as, tales como iluminación pública, recollida de lixos....
- Actividades de promoción turística do Camiño Francés e do fito xacobeo (folletos, publicacións..), así como o desenvolvemento de actividades culturais e turísticas que contribúan a súa promoción.

Actuacións efectuadas entre o 1 de xaneiro de 2019 ata o 15 de novembro de 2019.

Importe máximo para o Concello de Samos para o ano 2019: 38.000€

**Liña 2.-** Atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos/ás peregrinos/as: 6.000€.(actuacións a efectuar entre os meses de abril a setembro, ambos incluídos).

**Liña 3.-** Inscripción na Asociación de Municipios do Camiño de Santiago: 1.500€. (Actuacións efectuadas entre o 1 de xaneiro de 2019 ata o 15 de novembro de 2019).

Visto que segundo a estimación efectuada, para os gastos imputables á liña 1 a consignación nos créditos iniciais do exercicio 2019 foi 30.000,00 euros (aplicación 336.639) para os investimentos de reposición de luminarias en núcleos de poboación situados neste concello no ámbito do Camiño de Santiago, e os 8.000,00 euros restantes foron distribuídos en aplicacións do capítulo 2 para gastos correntes de alumeadado público e recollida e tratamento de residuos no Camiño de Santiago (aplicacións 1621.22700, 1623.22700, 165.22100).

Visto que unha vez redatada polo técnico a memoria correspondente aos investimentos de reposición de luminarias en núcleos de poboación situados neste concello no ámbito do Camiño de Santiago, resultou que o orzamento total ascende finalmente a 33.976,80 euros (28.080,00 máis 5.896,80 euros de IVE), polo que cómpre efectuar unha redistribución dos gastos a financiar pola Axencia de Turismo de Galicia ao abeiro da liña 1 do citado Convenio de Colaboración, coa tramitación do correspondente expediente de modificación orzamentaria.

Visto que se trata de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para poder cumprir no exercicio 2019 coas obrigas asumidas no citado Convenio de Colaboración, para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente, verificado ao nivel de vinculación xurídica establecido nas Bases de Execución, e dado que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do Orzamento.

Visto o preceptuado polas Bases nº 6 e nº 11 das de Execución Orzamentaria 2019.

Visto o informe favorable de Secretaría-Intervención e demais documentación obrante no expediente.

Visto que o feito de que o expediente non estivera concluído para o sometemento a ditame previo da Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, non obstante o o art. 126.2



do ROF en supostos de urxencia, permite que o Pleno adopte acordos sobre asuntos non ditaminados por ésta, dando conta do acordo adoptado na citada Comisión Informativa na primeira sesión que celebre.

**ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS**, órgano competente en virtude do art. 179.2 do TRLRFL, 40.3 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, e Bases de Execución Orzamentaria 2019, **A ADOPCIÓN DOS SEGUINTES ACORDOS:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de modificación de créditos n.º 2/2019, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, consonte ao seguinte detalle:

**RESUMO POR APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS:**

**Altas en aplicacións de gastos**

| Aplicación Orzamentaria       |           | Descrición   | Euros           |
|-------------------------------|-----------|--|-----------------|
| Por Programas (Área de gasto) | Económica |  |                 |
| 336                           | 639       | Protección e xestión do Patrimonio histórico-artístico. Outros investimentos de reposición asociados ao funcionamento operativo dos servizos | 3.976,80        |
| <b>TOTAL GASTOS</b>           |           |  | <b>3.976,80</b> |

**Baixas en aplicacións de gastos**

| Aplicación Orzamentaria       |           | Descrición                             | Euros           |
|-------------------------------|-----------|--|-----------------|
| Por programas (Área de gasto) | Económica |  |                 |
| 1621                          | 22700     | Recollida de residuos. Limpeza e aseo  | 1.590,72        |
| 1623                          | 22700     | Tratamento de residuos. Limpeza e aseo | 1.113,50        |
| 165                           | 22100     | Alumeado público. Enerxía eléctrica    | 1.272,58        |
| <b>TOTAL GASTOS</b>           |           |  | <b>3.976,80</b> |

**RESUMO POR CAPÍTULOS:**

| ESTADO DE GASTOS |                     |                  | ESTADO DE GASTOS |                                     |                  |
|------------------|---------------------|------------------|------------------|-------------------------------------|------------------|
| CAPÍTULO         | DENOMINACIÓN        | AUMENTO          | CAPÍTULO         | DENOMINACIÓN                        | DISMINUCIÓN      |
| VI               | Investimentos reais | 3.976,80€        | II               | Gastos en bens correntes e servizos | 3.976,80€        |
| <b>TOTAL</b>     |                     | <b>3.976,80€</b> | <b>TOTAL</b>     |                                     | <b>3.976,80€</b> |



**SEGUNDO:** Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e en o *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**TERCEIRO:** Dar conta do acordo adoptado na primeira sesión que celebre Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e FAcenda ao abeiro do preceptuado no art. 126.2 do ROF.

O alcalde,  
Asdo.- Julio Gallego Moure.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE"

Sen que se produzan intervencións se procede coa votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (5 do Grupo municipal Socialista; 1 do Grupo municipal do Partido Popular)

Votos en contra: Ningún

Abstencións: 1 (Grupo mixto)

Sendo nove o número legal de membros, **polo que se aproba a proposta de alcaldía transcrita anteriormente.**

**14°.2.-MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 3/2019: CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS FINANCIADOS CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SUSTENTABLES. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Vista a proposta de alcaldía de data 05/04/2019 que a continuación se transcribe literalmente:

"

**Proposta de Alcaldía ao Pleno Corporativo**  
**Expediente nº: 121/2019**

**Asunto:** Modificación de créditos n.º 3/2019 . Concesión de créditos extraordinarios financiados con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais para investimentos financeiramente sustentables

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto o disposto na Disposición Adicional Sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), as EELL poderán destinar o superávit do exercicio anterior:

" *Disposición adicional sexta Regras especiais para o destino do superávit orzamentario.*



1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamentos, ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivesese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.

**c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financieramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financieramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.**

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo."

Visto que aínda non se aprobou a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2019, pero vén de publicarse no BOE nº 77 de 30/03/2019 o Real Decreto Lei 10/2019, de 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit de comunidades autónomas e das entidades locais para





*investimentos financeiramente sustentables e se adoptan outras medidas en relación coas funcións do persoal das entidades locais con habilitación de carácter nacional, en concreto para as entidades locais o seu artigo 2 preceptúa:*

**“Artigo 2. Destino do superávit das entidades locais correspondente a 2018.**

*En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2018 prorrogase para 2019 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, **para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.***

*No suposto de que un proxecto de investimento non poida executarse íntegramente en 2019, a parte restante do gasto autorizado en 2019 poderase comprometer no exercicio 2020, financiándose con cargo ao remanente de tesouraría de 2019 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a Corporación Local non poderá incurrir en déficit ao final do exercicio 2020.”*

Visto que segundo o informado pola Intervención municipal se cumpren os requisitos recollidos na disposición adicional Sexta da LOEPSF no seu punto primeiro:

A liquidación do exercicio 2018 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC2010, cumpre co límite de endebedamento, e o límite da regra de gasto do orzamento da propia entidade. Ademais cumpre co PMP e non hai obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamentos, ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, nin obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.

Visto que o superávit do exercicio 2018, tras realizar os correspondentes axustes ascende a 159.281,32€. Polo tanto a capacidade de financiamento do concello segundo o sistema europeo de contas é de 159.281,32€. Así mesmo o superávit intégrase no remanente de tesourería para gastos xerais que ó remate do exercicio 2018 ascendeu a 500.994,44€, dos que unicamente foron empregados 14.958,22€ no expediente de modificación orzamentaria nº 1/2019, modalidade de incorporación de remanentes do exercicio anterior (expediente nº 110/2019), polo que o remanente dispoñible ascende na presente data á cantidade de 486.036,22€.

Visto que se trata da aprobación dunha modificación de crédito para a realización duns gastos específicos e determinados que non debe ser demorados a exercicios posteriores e que non existe crédito consignado nas partidas ás que imputar o gasto no orzamento vixente (verificado ao nivel de vinculación xurídica sinalado nas bases de execución orzamentaria).

Visto que o feito de que o Real Decreto Lei 10/2019, de 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit de comunidades autónomas e das entidades locais para investimentos financeiramente sustentables e se adoptan outras medidas en relación coas funcións do persoal das entidades locais con habilitación de carácter nacional aínda se publicou no BOE de 30/03/2019 non permitiu a conclusión do expediente para o sometemento a ditame previo da Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e Facenda, non obstante o o art. 126.2 do ROF en supostos de urxencia, permite que o Pleno adopte acordos sobre asuntos non ditaminados por ésta, dando conta do acordo adoptado na citada Comisión Informativa na primeira sesión que celebre.



**ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS, A ADOPCIÓN DOS SEGUINTES ACORDOS:**

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 3/2019 por importe de 125.927,35 € na modalidade de créditos extraordinarios financiados con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio 2018 en cumprimento da *Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira*, e a que o *Real Decreto Lei 10/2019, de 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit de comunidades autónomas e das entidades locais para investimentos financeiramente sustentables* aproba a prórroga das medidas previstas na citada D.A. Sexta, dacordo co seguinte detalle:

**Altas en aplicacións de gastos**

| Aplicación orzamentaria |           | Descrición   | Euros             |
|-------------------------|-----------|--|-------------------|
| Progr.                  | Económica |  |                   |
| 454                     | 619       | Camiños veciñais. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral | 125.927,35        |
| <b>TOTAL GASTOS</b>     |           |  | <b>125.927,35</b> |

**Altas en Conceptos de ingresos**

| ECONÓMICA             | Descrición                                 | Euros             |
|-----------------------|--|-------------------|
| Concepto              |  |                   |
| 870.00                | Remanente de tesourería para gastos xerais | 125.927,35        |
| <b>TOTAL INGRESOS</b> |  | <b>125.927,35</b> |

**SEGUNDO:** Aprobar a aplicación do remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de 125.927,35€ á finalidade de **INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SOSTIBLES** nos termos que estable e o apartado 2.c) da D.A. Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, nos termos en que figuran no expediente.

**TERCEIRO:** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**CUARTO:** Dar conta do acordo adoptado na primeira sesión que celebre Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e FAcenda ao abeiro do preceptuado no art. 126.2 do ROF.

Samos, na data da sinatura dixital da marxe.

O alcalde,

Asdo.: Julio Gallego Moure."



O sr. alcalde cita os investimentos incluídos, que consistirán na execución das seguintes obras: mellora de viais no interior de Toca e entorno da Igrexa; mellora de pavimentación de vial de acceso a Freituxe; mellora de pavimentación en vial de Suñide a Vilariz; mellora de pavimentación en vial de acceso a Carqueixeda; mellora de pavimentación en vial interior do núcleo de Gontán; mellora de vial de acceso a Lampazas; mellora de carreiros rurais (carreiro de Santalla de Arriba e carreiro de Vilela a San Xoán).

Sen que se produzan intervencións se procede coa votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (5 do Grupo municipal Socialista; 1 do Grupo municipal do Partido Popular)  
Votos en contra: Ningún  
Abstencións: 1 (Grupo mixto)

Sendo nove o número legal de membros, **polo que se aproba a proposta de alcaldía transcrita anteriormente.**

#### **15º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS** sen que se plantexe algún.

A continuación se inicia a quenda de **PREGUNTAS** e cede a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ás presentadas en escrito con R.X. nº 2019-E-RC-447 en data 1 de abril, e que a continuación se transcriben:

“1.- Pensa o Concello arranxar os desperfectos do teito do Pavillón de deportes antes do Torneo de Semana Santa?”

- SR. ALCALDE.- Sí, estamos a espera. Xa se puxo en coñecemento.

- SR. REAL VÁZQUEZ, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- O Torneo xa está ahí e que se repita o do ano pasado...

“2.- Cando pensan instalar o prometido espello para mellorar a vista da saída do cruce da Torre?”

- SR. ALCALDE.- Estamos pendientes da autorización da COTOP.

“3.- Donde están o busto e a Praza adicada a Fiz Vergara Vilariño?”

- SR. ALCALDE.- Consultouse con un artesán do ferro e dixo que valía de oito mil euros para arriba. Cando haxa medios, farase.



“4.- Tomáronse algunhas medidas referentes a presenza do gas radón no noso Concello?”

- SR. ALCALDE.- Xa se dixo naquela moción que é competencia da Xunta de Galicia.

- SR. REAL VÁZQUEZ, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Xa, pero por saber se o Concello se puxo en contacto coa Xunta ou a Xunta co Concello.

- SR. ALCALDE.- Non sei, supoño que sí, pero haberá que comprobalo.

“5.- Cando se pensa levara a cabo a moción aprobada o día 3/6/2016 sobre a realización dun mercado mensual mercado mensual?”

- SR. ALCALDE.- Xa lle contestei sobre eso en diferentes ocasións.

- SR. REAL VÁZQUEZ, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Non me quedou claro. As mocións aprobadas polo Pleno hai que levalas a cabo. Se hai sorte igual o fago eu...

“6.- Por qué se convoca a OEP polo sistema de oposición Libre cando o normal e máis democrático , e que xa se fixo moitas veces é convocálas por concurso oposición?”

- SR. ALCALDE.- Porque é o máis democrático, todos teñen igualdade de acceso.

- SR. REAL VÁZQUEZ, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Para mín non resulta moi democrático non valorar o tempo traballado no Concello.

“7.- Sabía o Sr. Alcalde na anterior sesión Plenaria que non facía falta permiso de Patrimonio para realizar a obra da rúa do Colledeiro cando lle formulei a pregunta de que si ese organismo dera permiso para a mesma e me respostou que si o tiñan ?”

- SR. ALCALDE.- Visto o informe do técnico, xa vín que non era necesario.

- SR. REAL VÁZQUEZ, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Pero nese momento ¿sabía ou non sabía que non facía falta?

-SR. ALCALDE.- Non, non o sabía, por eso o quixen aclarar no punto de aprobación do borrador da acta.

“8.- E xa que é o último Pleno da lexislatura , e tendo en conta os datos socioeconómicos do Concello de Samos, están vostedes satisfeitos do realizado nestes últimos catro anos?”

- SR. ALCALDE.- Eso valorarano os veciños o día 26, se están contentos.

- SR. REAL VÁZQUEZ, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Estar de terceiro pola cola na renta per cápita de Galicia non é para estar satisfeito, tendo en conta que son moitos concellos.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,